

O Tenente Alcalde ¿un exemplo?

O noso Tenente Alcalde, Don Alfredo Vilela Santalla coa súa obra no Baturro, amósanos cada día qué espera da política. Igualmente quedan retratados quenos o nomearon para ostentar o segundo cargo máis importante do noso municipio. Incluso, cando o Alcalde se ausenta, moi frecuentemente, por certo, Don Alfredo é o noso Alcalde.

Non se trata dun pobre ignorante, que non sabe o que fai. O Tenente Alcalde de Cedeira sabía que todo o realizado no Baturro era unha absoluta ilegalidade. Infrinxeu a lei, construiu sen licenza, pisando o Plan Xeral que eles mesmos se deron no 95, e desobedeceu a orde de paralización do Alcalde Vergara.

No camiño abreuse un establecemento público, que igualmente carece de toda autorización. Non sabemos os tratos de Don Alfredo, o Tenente Alcalde de Cedeira, cos levadores, nin nos importa, pero, de novo, o Excelentísimo Sr. Don Leopoldo Rubido Ramonde (así esixe ser chamado) é o responsable de que este local público fose aberto.

Finalmente a Xunta de Galicia resolve a súa demolición contra a que o Alcalde tomando partido polo seu acólito, fai “alegacións de parte”, defendendo ao infractor e desprezando o interese xeral, o de todos. Ao mesmo tempo, para evitar que este malolente asunto trascenda á opinión pública, négalle aos socialistas o acceso ao expediente.

Esta non é a Cedeira que nos convén, estes non son os dirixentes que nos merecemos, esta xente non son exemplo de nada bo.

Néganlles aos xóvenes emprendedores o viveiro de empresas, mentras eles enchen os petos cos cartos que nos levan en impostos


O goberno de progreso, presidido polos socialistas, adquiriu unha parcela no polígono da Trabe e conseguiron 60.000 € de Madrid para iniciar a construción do viveiro de empresas aos que se deberían engadir novas subvencións que deberían solicitarse ao longo do 2012 e 2013.

Poñeríamos a disposición dos nosos emprendedores oficinas e talleres para que iniciasen a súa vida profesional. A nosa mocidade está triunfando polo mundo adiante e queríamos que este éxito fructificase na súa terra, ao lado dos seus.

Pero o 2º Tenente Alcalde, Don Luis Rubido Ramonde non está de acordo con nós e, presumindo de modernidade –vivir para ver– di que estes son proxectos obsoletos. Todo con tal de destruír o que nós realizamos.

Agrupación Socialista de Cedeira

Na defensa dos intereses da
cidadanía



Boletín Socialista

ANO E MEDIO PERDIDO

O 22 de maio cumplíuse un ano da victoria da dereita e, para o noso mal, Cedeira non escapou a esta realidade, a pesar do incremento certo do voto socialista.

Non abondaron tantas obras ben feitas, tanta adicación, tanto exemplo de boas prácticas democráticas. Conqueriron truncar as aspiracións de transparencia, mellora e prosperidade do noso municipio.

Non fixo falla moito tempo para comprobar o que dicimos:

- ▶ **Usurpación** da vía pública.
- ▶ **Subida da carga impositiva** de servizos básicos.
- ▶ **Tirar os cartos** da cidadanía priorizando obras menores fronte ás importantes en momentos de crise.
- ▶ **Rexeitan** a subvención para a construción do **viveiro de empresas** para emprendedores locais.
- ▶ **Entrada a saco na tesourería** do concello para pagar servizos prestados aos **afiliados do PP**.
- ▶ Substituír os procedementos legais por decisións non legais, típicas de **épocas dictatoriais**.



PARA O CIDADÁN, SACRIFICIOS

O PP, no momento máis duro da crise, , contra as súas promesas electorais, suben todo.

- ▶ **Subiron o recibo do lixo**, mentras o servizo empeora. Cóbrannos **dous recibos no mesmo ano** mentras o paro e o detriero empresarial aumenta.
- ▶ **Subiron a auga**, a pesar de que somos moitos máis os usuarios. A empresa pideuno e o que non conseguiron cos socialistas, ao PP faltoulle tempo.
- ▶ **Subiron** o imposto de **circulación**, a taxa de **axuda no fogar**, as actividades **deportivas**, a **contribución**, ...

PARA O PP OS PRIVILEXIOS

- ▶ Entréganlle o **escolar de Santalla á OJE**, sí á Organización Juvenil Española, a mesma do franquismo, á que tanto lle debe o Sr. D. Leopoldo Rubido.
- ▶ **Enchufan** no Concello aos axitadores do PP. Invéntanse cargos para **colocar aos amiguetes**.
- ▶ **Reúnense 11 minutos**, na víspera da Patrona e **repártense 800 €**, a razón de 196 € para cada un dos catro concelleiros, D. Leopoldo ao fronte, para aprobar unha factura de 124 €

NON QUEREN FACER O CENTRO DE SAÚDE

Cando o **Diario de Ferrol** lle preguntaba ao noso Alcalde pola gran noticia da firma dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura para construír un Centro de Saúde por valor de 2,5 millóns de euros, co que se facían realidade os orzamentos do ano 2010 (Vergara era o Alcalde), o Excelentísimo Sr. D. Leopoldo Rubido dicía que **non sabía nada**.

Ao día seguinte é o **2º Tenente Alcalde**, no mesmo periódico, quen **foufea a construción dun novo centro de saúde**, argumentando que se trataba dun proxecto socialista. Explicaba que o PP quería reformar o actual ambulatorio non dicindo verdade a respecto do solo que lles deixamos preparado para iniciar xa o procedemento.

Ante estes despropósitos, o **grupo municipal socialista interpelou en pleno aos populares** para esixirlles avances reais sen conquistar nada. Mentras tanto, 15 localidades galegas en parecidas circunstancias, principiaron os procedementos asegurándose os cartos -“pájaro en mano”- mentras quen debiera gobernar Cedeira, está deixando pasar o tempo e disfrazar a intervención, coa vana ilusión, de novo, de eliminar o traballo socialista. Coa que está caendo, corremos o risco certo de que nos retiren a subvención.

Cedeira non se merece tanta irresponsabilidade.